

**3º POSTO – CATEGORÍA ADULTA**

**LOLIÑO**

Púxenme a escoitar tarde, tardísimo.

Púxenme a pensar, moi tarde, tardísimo, serei parvo!

Lembro todos os días o mesmo son, o Loliño pola mañá non fallaba, ás 6:57 poñíase no alto da caseta e chamaba por nós.

Recordas que nese momento non me gustaba?

Eu só quería durmir, e todo me molestaba, serei parvo.

Ese maldito galo non calou ata que lle tocou a hora de facer o caldo con el. Pero despois de Loliño chegou Risco, e Pepe e Xaias... Todos iguais de molestos e repugnantes, serei parvo.

Cando era novo era parvo, e non me gustaba nada que cheirara a nosa aldea: os porcos, o son das galiñas, o aviso do panadeiro ao chegar. Todo molestaba. Eu quería estudar e parecíame que na aldea só había distraccións e ruído.

Agora póño-me a escoitar, e sabes mamá?

Xa non escoito nada. Aínda que sempre está o ruído do tren cando pasa, os miles de coches anoxados chegando tarde ao traballo e o son do espertador cada mañá. Quen lle dera ao meu espertador cantar como Loliño. Levo tres anos nesta cidade espertando ás seis da mañá co seu "*rin, rin, rin*".

Nunca pensei que botaría de menos ao meu Loliño. E ao cheiro de pan no forno de leña, o leite quente das nosas vacas, o queixo que facíamos para as festas. Non hai *brunch* que supere iso... Serei parvo.

E cando vés de vacacións este ano fillo?

Non vou mamá.

Serás parvo! E logo meu fillo?

Non mamá, non quero máis parvadas, quero volver a escoitar, quero volver.